

PISTAS DE TENIS

- ❖ Estas pistas destínanse á práctica exclusiva do tenis.
- ❖ Para xogar nas pistas de tenis é necesario ter a correspondente reserva feita e pagada ou estar inscrito nalgunha actividade das que se impartan nas mesmas.
- ❖ Para acceder ás pistas:
 - Entrando na súa reserva e premendo o botón abrir porta.
 - Achegando o código de barras da TUI ou código QR ó lector.
- ❖ Durante o tempo de utilización das pistas os responsables da instalación ou o persoal da Área de Deportes poderán esixir a identificación de calquera que estea nas mesmas así como solicitar a presenza do titular da reserva. De non cumprir os requisitos a reserva será anulada sen dereito a devolución.
- ❖ As reserva e os bonos mercaranse a través da web. Tamén se pode facer nas conserxarías das instalacións deportivas e pagaranse con tarxeta.
- ❖ As reservas faranse cunha antelación máxima de 6 días.
- ❖ Poderán permanecer na pista un máximo de catro persoas, agás cando se trate de actividades federadas, da escola de tenis da USC e doutros casos autorizados pola Área de Deportes.
- ❖ O tempo de uso da instalación restrínxese a **unha hora**.
- ❖ Ata que remata a reserva non se pode facer unha nova.
- ❖ Os prezos das reservas e dos bonos son os que figuran publicados na oferta deportiva de práctica libre.
- ❖ No caso de que un usuario despois de facer a reserva non faga uso da mesma, en prexuízo dos demais usuarios, será advertido e de reincidir poderá ser dado de baixa.
- ❖ Non se permite a entrada á instalación con bicicletas, patíns, nin con ningún tipo de animal agás cans guía;
- ❖ Tampouco se pode acceder con envases metálicos ou de cristal.
- ❖ Non está permitido fumar.
- ❖ Para estar nas pistas é obrigatorio o uso de calzado deportivo axeitado.
- ❖ Está prohibido abandonar desperdicios dentro do recinto da instalación, debendo empregar as papeleiras e outros recipientes dispostos con esta finalidade.
- ❖ A persoa ou usuario que intencionadamente produza algún dano farase responsable del, correndo pola súa conta a reparación deste. No seu caso tomaranse as medidas legais oportunas.
- ❖ A USC non se fará responsable de calquera tipo de incidencia acontecida polo incumprimento dalgunha das normas anteriormente, expostas ou do uso non axeitado da instalación.
- ❖ Os accidentes ou lesións que sufran os usuarios na práctica deportiva serán asumidos polos seus respectivos seguros particulares.
- ❖ O incumprimento dalgunha destas normas, así como facer caso omiso ás indicacións do persoal do servizo será motivo suficiente para a anulación das reservas.
- ❖ Os usuarios terán á súa disposición unha caixa de queixas, reclamacións, suxestións e parabéns para expoñer o que lles pareza pertinente, co obxecto de mellorar o funcionamento do servizo
- ❖ A USC resérvase o dereito de modificar as presentes normas, cando as necesidades do servizo o requiran.